

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 26 de xaneiro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Facenda, no Instituto Galego de Estatística e no Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20º da devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, establecendo nos seus puntos segundo e terceiro as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación, modificación e supresión daqueles.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34º.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Mediante esta orde a Consellería de Facenda, o Instituto Galego de Estatística e o Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable proceden á creación dos ficheiros de datos de carácter persoal que se relacionan no anexo I e á supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal que se relacionan no anexo II.

Artigo 2º.-Contido.

A información exixida no artigo 20º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54º do seu regulamento asociado, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, para as disposicións de creación e supresión de ficheiros está contida nos anexos desta orde.

Artigo 3º.-Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal, incluídos nos ficheiros regulados por esta orde, só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo I, e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-Cesión de datos.

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os declarados no anexo I. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas haberá que averse ao disposto na normativa vixente respecto desta materia.

Artigo 5º.-Órgano responsable dos ficheiros.

A responsabilidade sobre os ficheiros creados por esta orde correspóndelle ás unidades detalladas no anexo I.

No anexo I detállanse as unidades ante as que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan nos ficheiros.

Artigo 6º.-Nivel de protección e medidas de seguridade.

Os ficheiros creados por esta orde atópanse clasificados atendendo ao disposto no artigo 80º e seguintes do regulamento aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo I aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) dos ficheiros creados baixo esta orde.

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas técnicas, de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade e integridade dos datos, así como as condutas a facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999 e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 7º.-Supresión de ficheiros.

No anexo II desta orde relaciónanse aqueles ficheiros para os cales será solicitada a súa supresión ao Rexistro da Axencia de Protección de Datos. O titular do órgano responsable destes ficheiros establece no citado anexo o destino que se vaia dar aos datos ou, se é o caso, as previsións que se adopten para a súa destrución.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

Orde do 13 de xaneiro de 2003 pola que se regulan os ficheiros automatizados de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Economía e Facenda.

Orde do 17 de xaneiro de 2007 pola que se crean dous ficheiros automatizados de datos de carácter persoal dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións nesta materia existentes na Consellería de Economía e Facenda.

Orde do 7 de novembro de 2007 pola que se crea un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal de poboación no Instituto Galego de Estatística.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

*ANEXO I***Creación de novos ficheiros**

1.1.1. Ficheiros baixo a responsabilidade da Secretaría Xeral e do Patrimonio.

-Denominación do ficheiro: Xestión do persoal.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión do persoal da Consellería de Facenda. Tramitación dos expedientes de persoal. Asignación de retribucións e axudas de custo do persoal da Consellería de Facenda. Accións informativas e de actividades dirixidas ao persoal da consellería e á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: persoal con vinculación profesional ou laboral coa Consellería de Facenda, cidadáns.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nº de S.S./mutualidade, nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro persoal. Datos de características persoais: datos de estado civil, data e lugar de nacemento, sexo. Datos académicos e profesionais: formación e titulacións académicas, diplomas e cursos. Datos de emprego e de carreira administrativa: centro de traballo, posto de traballo, corpo/escala, categoría/grao, situación administrativa, clase de persoal, permisos, incapacidade temporal, trienios e grao persoal, datos non económicos de nómina, historial do traballador, compatibilidades. Datos da Seguridade Social (número de afiliación, epígrafe de accidentes, grupo de tarifa, etc.).

f) Comunicacions ou cesións de datos: á mutua concesionaria do servizo de vixilancia da saúde para o persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. A outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órganos responsables do ficheiro: Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral e do Patrimonio da

Consellería de Facenda, edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Xestión económica dos recursos humanos.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión das retribucións do persoal da administración xeral e institucional da comunidade autónoma. Acción social a favor do persoal da Administración pública de Galicia. Mantemento da situación laboral dos recursos humanos ao servizo da Administración pública de Galicia. Xestión dos anticipos do persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Accións informativas e de actividades dirixidas ao persoal da comunidade autónoma e á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: funcionarios, persoal interino e persoal laboral que prestan servizo nas distintas consellerías, organismos autónomos, entes e sociedades da Xunta de Galicia e que perciban as súas retribucións a través do Sistema de Xestión de Retribucións da Consellería de Facenda. Traballadores por conta allea e autónomos que prestan servizos docentes nos centros de ensinanza privados total ou parcialmente subvencionados pola Consellería de Educación. Cidadáns.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nº de S.S./mutualidade, nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro persoal. Datos de carácter persoal: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, sexo. Datos de emprego e de carreira administrativa: centro de traballo, posto de traballo, corpo/escala, categoría/grao, situación administrativa, clase de persoal, datos orzamentarios do posto de traballo, incapacidades temporais, datos das retribucións, trienios e grao persoal, datos económicos de nómina. Datos da Seguridade Social (número de afiliación, epígrafe de accidentes, grupo de tarifa, etc.). Datos para o cálculo do IRPF (situación familiar, NIF cónxuxe, número de fillos e ascendentes, grao de minusvalía, pensión compensatoria, etc.) Datos económico-financeiros e de seguros: datos bancarios, datos de axudas de acción social, retribucións que se van percibir, incluíndo posibles retencións xudiciais.

f) Comunicacions ou cesións de datos: envío de datos do IRPF á AEAT. Á Tesouraría Xeral da Seguridade Social: envío de datos de Seguridade Social. A Muface e Mugeju: envío mensual de datos dos

cotizantes. Á mutua concesionaria do servizo de vixilancia da saúde para o persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. A entidades financeiras: nome, apelidos, NIF, conta bancaria e importes da transferencia.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órganos responsables do ficheiro: Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda, edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable (CIXTEC).

-Denominación do ficheiro: Relacións coa cidadanía.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión do Rexistro Xeral de Contratistas e do Rexistro Xeral de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia. Tramitación de expedientes de contratación. Rexistro de Entradas e Saídas. Censo unificado de relacións coa cidadanía. Accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos: Cidadáns e residentes, provedores, representantes legais e persoas de contacto de entidades que manteñen relacións coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Entidades privadas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, teléfono, sinatura electrónica, sinatura, enderezo postal, enderezo electrónico.

f) Comunicacións ou cesións de datos: outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda, edificio administrativo de

San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable (CIXTEC).

-Denominación do ficheiro: Xestión de patrimonio.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Xestión de arrendadores e arrendatarios do patrimonio. Xestión de riscos.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos: cidadáns, empregados, propietarios ou arrendatarios.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos especialmente protexidos: saúde. Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo, teléfono, correo electrónico, datos da conta bancaria, firma electrónica, sinatura. Datos sobre transaccións de bens.

f) Comunicacións ou cesións de datos: ás entidades bancarias designadas polos arrendadores para o pagamento das rendas. Ás corredorías de seguros.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órganos responsables do ficheiro: Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda, edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: alto.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

1.1.2. Ficheiros baixo a responsabilidade da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

-Denominación do ficheiro: Xestión e control económico-financeiro.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión da contabilidade pública. Control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. Auditoría de fondos comunitarios. Control financeiro de axudas, subvencións e

convenios. Sancións. Contabilización de expedientes de contratación e da facturación. Accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: cidadáns e residentes, representantes de entidades e terceiros que manteñen relacións económicas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, provedores.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Entidades privadas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, teléfono, sinatura electrónica, sinatura. Datos económico-financeiros. Datos de información comercial. Transaccións de bens e servizos.

f) Comunicacions ou cesións de datos: á Axencia Tributaria. Ao Consello de Contas da Xunta de Galicia. Ás caixas e bancos que teñen acordo coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a execución dos pagamentos.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órganos responsables do ficheiro: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

1.1.3. Ficheiros baixo a responsabilidade da Dirección Xeral de Función Pública.

-Denominación do ficheiro: Xestión administrativa dos recursos humanos.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: rexistro de declaracións de altos cargos. Xestión dos recursos humanos. Xestión dos procesos selectivos e dos concursos de traslados. Xestión de listas. Confección do rexistro de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia. Tramitación dos expedientes de incompatibilidades e expedientes disciplinarios. Xestión do Fondo de Acción Social dos traballadores da Administración xeral e institucional da comunidade autónoma. Accións formativas e informativas dirixidas tanto ao persoal como á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: funcionarios, persoal interino e persoal laboral que prestan servizo nas distintas consellerías, organismos autónomos, entes e sociedades da Xunta de Galicia. Persoas que participan en procesos selectivos e listas de contratación convocados por calquera entidade pública de Galicia que utilice o Sistema de Información de Recursos Humanos da Consellería de Facenda. Cidadáns.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos especialmente protexidos: saúde. Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nº de S.S./mutualidade, nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro persoal. Datos de características persoais: datos de estado civil, data e lugar de nacemento, sexo. Datos académicos e profesionais: formación e titulacións académicas, diplomas e cursos. Datos de emprego e de carreira administrativa: centro de traballo, posto de traballo, corpo/escala, categoría/grao, situación administrativa, clase de persoal, permisos, incapacidade temporal, trienios e grao persoal, datos non económicos de nómina, historial do traballador, compatibilidades. Datos da Seguridade Social (número de afiliación, epígrafe de accidentes, grupo de tarifa, etc.).

f) Comunicacions ou cesións de datos: á mutua concesionaria do servizo de vixilancia da saúde para o persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. A outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órganos responsables do ficheiro: Dirección Xeral de Función Pública.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Función Pública; edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: alto.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

1.1.4. Ficheiros baixo a responsabilidade da Dirección Xeral de Orzamentos.

-Denominación do ficheiro: Xestión económico-orzamentaria dos recursos humanos.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: planificación, programación e planificación do orza-

mento do sector público autonómico e dos custos de persoal. Xestión de anexos de persoal e de todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre persoal que teñan repercusión económica.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos: empregados.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Outras administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nº de S.S./mutualidade, nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro persoal. Datos de carácter persoal: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, sexo. Datos de emprego e de carreira administrativa: centro de traballo, posto de traballo, corpo/escala, categoría/grao, situación administrativa, clase de persoal, datos orzamentarios do posto de traballo, incapacidades temporais, datos das retribucións, trienios e grao persoal, datos económicos de nómina. Datos da Seguridade Social (número de afiliación, epígrafe de accidentes, grupo de tarifa, etc.). Datos para o cálculo do IRPF (situación familiar, NIF cónxuxe, número de fillos e ascendentes, grao de minusvalidez, pensión compensatoria, etc.) Datos económico-financeiros: datos bancarios, datos de axudas de acción social, retribucións que se van percibir.

f) Comunicacions ou cesións de datos: outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Orzamentos.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Orzamentos, edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable (CIXTEC).

1.1.5. Ficheiros baixo a responsabilidade da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

-Denominación do ficheiro: Xestión de caixas de aforro, entidades financeiras e seguros.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: supervisión das caixas de aforro e demais entidades financeiras. Rexistro de altos cargos das entidades. Xestión das reclamacións de clientes de caixas de

aforros. Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos. Rexistro de diplomas de mediadores de seguros titulados. Rexistro de altos cargos de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social. Control financeiro de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e outras entidades aseguradoras. Accións informativas e actividades dirixidas tanto á cidadanía como ás entidades e aos seus representantes.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos: cidadáns, persoas con cargos de dirección e administración nas caixas de aforro galegas, mediadores de seguros e corredores de reaseguros, altos cargos de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Outras administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo postal e electrónico, teléfono. Datos de características persoais e profesionais: sexo, idade, nacionalidade, data e lugar de nacemento, estado civil, datos identificativos dos cónxuxes, pais e fillos, profesión, cargo ocupado no órgano de goberno correspondente, data de nomeamento, data de cesamento, sancións impostas.

f) Comunicacions ou cesións de datos: outros órganos da comunidade autónoma e á Administración do Estado. Ao Banco de España.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: medio.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

-Denominación do ficheiro: Xestión xeral de pagamentos.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión da tesouraría, a realización dos ingresos e a ordenación xeral de pagamentos da comunidade

autónoma. Xestión de depósitos e fianzas. Accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: cidadáns e residentes, provedores.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo postal e electrónico, teléfono.

f) Comunicacions ou cesións de datos: outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, edificio administrativo de San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

1.1.6. Ficheiros baixo a responsabilidade da Dirección Xeral de Tributos.

-Denominación do ficheiro: Xestión de tributos e ingresos.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión e inspección dos tributos cedidos e dos tributos propios así como dos prezos e taxas que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia. Xestión dos ingresos de dereito público. Accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: contribuíntes e suxeitos obrigados. Cidadáns.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Outras persoas físicas. Fontes accesibles ao público: guías de servizos, diarios e boletíns oficiais e medios de comunicación. Outras administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo postal e electrónico, telé-

f) Datos de características persoais: sexo, idade, nacionalidade, data e lugar de nacemento. Información comercial: actividades e negocios, licenzas comerciais. Datos económicos, financeiros e de seguros: ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, datos bancarios, etc. Transaccións de bens e servizos: transaccións financeiras, compensacións, indemnizacións.

f) Comunicacions ou cesións de datos: outros órganos da comunidade autónoma. Facenda Pública e Administración Tributaria. Notificación de débedas e ordes de embargo ás entidades financeiras.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Tributos.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Tributos, rúa Pastoriza, nº 8, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: medio.

l) Órgano encargado do tratamento: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

1.1.7. Ficheiros baixo a responsabilidade do Instituto Galego de Estatística.

-Denominación do ficheiro: Xestión de persoal.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión dos recursos humanos do organismo. Tramitación dos expedientes de persoal. Xestión dos procesos selectivos e dos concursos de traslados. Xestión de listas. Confección do rexistro de persoal do organismo. Tramitación dos expedientes de incompatibilidades e expedientes disciplinarios. Xestión do fondo de acción social dos traballadores do organismo. Asignación de retribucións e dietas. Accións formativas e informativas e de actividades dirixidas tanto ao persoal do organismo como á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: persoal funcionario e laboral que presta os seus servizos no Instituto Galego de Estatística. Cidadáns.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nº de S.S./mutualidade, nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro persoal. Datos de características persoais: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, sexo. Datos académicos e profesionais: formación/titulacións, centro de traba-

llo, tipo de posto de traballo. Datos de emprego e de carreira administrativa: corpo/escala, categoría/grao, posto de traballo, datos non económicos de nómina, historial do traballador, compatibilidades. Datos económico-financeiros e de seguros: datos bancarios, datos de axudas de acción social.

f) Comunicacions ou cesións de datos: á mutua concesionaria do servizo de vixilancia da saúde para o persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Instituto Galego de Estatística.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Instituto Galego de Estatística, edificio administrativo de San Lázaro s/n, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Relacións coa cidadanía.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: tramitación de expedientes de contratación. Rexistro de entradas e saídas. Accións informativas, de difusión e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: cidadáns e residentes, provedores, representantes legais e persoas de contacto de entidades que manteñen relacións co Instituto Galego de Estatística.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Outras administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, teléfono, enderezo, sinatura. Datos de características persoais. Datos de información comercial. Datos económicos financeiros e de seguros. Datos de circunstancias sociais. Datos académicos e profesionais.

f) Comunicacions ou cesións de datos: outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Instituto Galego de Estatística.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Instituto Galego de Estatística, edificio

administrativo de San Lázaro s/n, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Rexistro de poboación.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: este ficheiro contén os datos persoais que constan nos padróns municipais de habitantes obtidos dos ficheiros do Instituto Nacional de Estatística para a comunicación dos órganos da administración da Xunta de Galicia cos titulares dos datos residentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das relacións xurídico-públicas derivadas do exercicio das súas competencias, para aqueles asuntos nos que a residencia ou domicilio sexan datos relevantes, de conformidade co disposto no punto 2 da disposición adicional segunda da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: residentes inscritos nos padróns municipais de habitantes de todos os concellos de Galicia.

c) Procedemento de recollida de datos: transferencia de datos a través de ficheiros.

d) Procedencia dos datos: Instituto Nacional de Estatística.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo. Datos de características persoais: sexo, data de nacemento.

f) Comunicacions ou cesións de datos: aos órganos da Administración da Xunta de Galicia que o soliciten, cando lles sexan necesarios para o exercicio das súas competencias e exclusivamente para asuntos nos que a residencia ou domicilio sexan datos relevantes, de acordo co que se poida establecer en normas con rango de lei.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Instituto Galego de Estatística.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Instituto Galego de Estatística, edificio administrativo de San Lázaro s/n, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: automatizado.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Xestión e control económico-financeiro.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: contabilización de expedientes de contratación e de facturación. Xestión da contabilidade do organismo.

Control interno da actividade económico-financeira. Accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: cidadáns e residentes, representantes de entidades e terceiros que manteñen relacións económicas co Instituto Galego de Estatística.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Entidades privadas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, teléfono, firma electrónica, sinatura.

f) Comunicacions ou cesións de datos: á Axencia Tributaria. Ao Consello de Contas da Xunta de Galicia. Ás caixas e bancos que teñen acordo coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a execución dos pagamentos.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Instituto Galego de Estatística.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Instituto Galego de Estatística, edificio administrativo de San Lázaro s/n, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Seguridade e control de acceso.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: videovixilancia e control de accesos e/ou presenza nas instalacións administrativas do Instituto Galego de Estatística.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: empregados e persoas que acceden ás instalacións administrativas do Instituto Galego de Estatística.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos e cámaras de videovixilancia.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: NIF/DNI, nome e apelidos, nº rexistro persoal, teléfono, imaxe, sinatura. Outros datos identificativos: matrícula.

f) Comunicacions ou cesións de datos: ás forzas e corpos de seguridade.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Instituto Galego de Estatística.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Instituto Galego de Estatística, edificio administrativo de San Lázaro s/n, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

1.1.8. Ficheiros baixo a responsabilidade do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

-Denominación do ficheiro: Xestión de persoal.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión dos recursos humanos do ente público tramitación dos expedientes de persoal. Xestión dos procesos selectivos e dos concursos de traslados. Xestión de listas. Confección do rexistro de persoal do ente público. Tramitación dos expedientes de incompatibilidades e expedientes disciplinarios. Xestión do fondo de acción social dos traballadores do ente público. Asignación de retribucións e dietas. Accións formativas e informativas e de actividades dirixidas tanto ao persoal do ente público como á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: persoal funcionario e laboral que presta os seus servizos no Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable. Cidadáns.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nº de S.S./mutualidade, nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro persoal. Datos de características persoais: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, sexo. Datos académicos e profesionais: formación/titulacións, centro de traballo, posto de traballo. Datos de emprego e de carreira administrativa: clase de persoal, corpo/escala, categoría/grao, categoría profesional, situación administrativa, datos orzamentarios do posto de traballo, datos non económicos de nómina, permisos, incapacidades temporais, historial do traballador, compatibilidades. Datos económico-financeiros e de seguros: datos das retribucións, trienios, datos bancarios, datos de axudas de acción social.

f) Comunicacions ou cesións de datos: á mutua concesionaria do servizo de vixilancia da saúde para o persoal da Administración da Comunidade Autó-

noma de Galicia. A outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable, rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Relacións coa cidadanía.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: tramitación de expedientes de contratación. Rexistro de entradas e saídas. Accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: cidadáns e residentes e representantes de entidades que manteñen relacións administrativas co Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Entidades privadas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, teléfono, enderezo, sinatura. Datos de características persoais. Datos de información comercial. Datos económicos financeiros e de seguros. Datos de circunstancias sociais. Datos académicos e profesionais. Outros tipos de datos.

f) Comunicacions ou cesións de datos: outros órganos da comunidade autónoma.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable, rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Xestión e control económico-financeiro.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: contabilización de expedientes de contratación e de facturación. Xestión da contabilidade do organismo. Control interno da actividade económico-financeira. Accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: cidadáns e residentes, representantes de entidades e terceiros que manteñen relacións económicas co Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Entidades privadas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, teléfono, firma electrónica, sinatura.

f) Comunicacions ou cesións de datos: á Axencia Tributaria. Ao Consello de Contas da Xunta de Galicia. Ás caixas e bancos que teñen acordo coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a execución dos pagamentos.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable, rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

-Denominación do ficheiro: Seguridade e control de acceso.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: xestión dos accesos aos sistemas de información dependentes da Consellería de Facenda. Videovixilancia, control de accesos e/ou presenza nas instalacións do organismo.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: empregados e persoas que acceden ás instalacións do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable e aos servizos TIC.

c) Procedemento de recollida de datos: formularios en papel e electrónicos e cámaras de videovixilancia.

d) Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos): datos de carácter identificativo: NIF/DNI, nome e apelidos, nº rexistro persoal, teléfono, imaxe, sinatura. Outros datos identificativos: matrícula.

f) Comunicacions ou cesións de datos: ás forzas e corpos de seguridade.

g) Transferencias internacionais de datos a terceiros países: non se atopan previstas.

h) Órgano responsable do ficheiro: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

i) Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable, r/ Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

j) Sistema de tratamento: mixto.

k) Nivel do ficheiro: básico.

ANEXO II

Supresión de ficheiros inscritos

1.2.1. Ficheiros baixo a responsabilidade da Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Facenda.

-Denominación do ficheiro: FAS.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos: pagamentos das axudas do fondo de asistencia social mediante xiro postal ou transferencia bancaria.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: persoas acollidas ao fondo de asistencia social.

c) Orde de creación/modificación do ficheiro: Orde do 26 de xullo de 1994, da Consellería de Economía e Facenda, reguladora de ficheiros automatizados, DOG número 146, publicada o 30 de xullo.

d) Motivos da supresión: reestruturación orgánica e dos ficheiros de carácter persoal da Consellería de Facenda.

e) Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución: inclusión no ficheiro Relacións coa cidadanía da Secretaría Xeral da Consellería de Facenda creado por esta orde.

